



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

**Máster Universitario en Innovación en Nutrición,
Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**

Curso Académico: 2023/2024

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

1. DATOS DO PROGRAMA	
Denominación do programa	Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	
Nome do/a coordinador/a do programa	Manuel Vázquez Vázquez
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	manuel.vazquez@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2017/2018
Data acreditación ex ante (verificación)	8/05/2017
Data renovación acreditación	-

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4316196 P.Ind 2023-24
			4316196 INF16 2023-2024
			4316196_INF.CiUG_2023-2024 (n/d)
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4316196 I2 2023 2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4316196 P.Ind 2023-24
			5011_INF.03_2023-2024 (n/d)
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4316196 P.Ind 2023-24
			4316196_INF.04_2023-2024 (n/d)
			5011_INF.05_2023-2024 (n/d)
			4316196 INF.06 PLN.TCNT.MST.PRA2023 2024
			4316196 INF.07 2023 2024
			4316196 INF.08 PLN.TCNT.MST.PRA2023 2024
			4316196 INF.09 2ºS 2023 2024
			5011 INF.10 2023-2024
			5011_INF.11_2023-2024
			4316196 INF.13 2023 2024
			4316196 INF.14 2023 2024
			5011 INF.21 2023 2024
			4316196 INF.22 2023 2024
			4316196 INF.23 2023 2024
			4316196 Informe de Indicadores 2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4316196 P.Ind 2023-24
			4316196 Informe de Indicadores 2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que	4316196 E15 2023-2024

		imparte, área, etc.)	
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011 E16 2023-2024
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011 I6-I7 2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011 I6-I7 2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4316196 INF.13 2023-2024
			4316196 INF.14 2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011 I10 2023-2024
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	4316196 INF_15 2023-2024
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4316196 P.Ind 2023-24
			4316196 INF17 2023-2024
			4316196 INF18 2023-2024
			4316196 INF19 2023-2024
			4316196 INF.SIIU 2023-2024
			4316196 Informe de Indicadores 2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4316196 P.Ind 2023-24
			4316196_INF.CiUG_2023-2024 (n/d)
			4316196 Informe de Indicadores 2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	4316196 _EIL-SIIU_ 2023-2024 (n/d) 4316196 _EIL-ACSUG_ 2023-2024 (n/d)
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4316196 P.Ind 2023-24 4316196 Informe de Indicadores 2023-2024 4316196 MedUSC 2023-2024

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Organización e desenvolvemento no curso 2023-24

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria. No curso 2023-2024, a sexta promoción realizou o terceiro semestre co desenvolvemento do programa formativo correspondente ás prácticas externas e Traballo Fin de Máster.

Xa tendo seis promocións de egresados, nunha valoración inicial, tendo en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo, constatouse que as guías docentes estanse cumprindo. Non se considera necesario levar a cabo modificacións do devandito programa polo momento.

Os procedementos de coordinación implican comunicacións e reunións frecuentes entre o coordinador do máster, alumnos e profesores. As comisións correspondentes reúnense con periodicidade para garantir a calidade dos estudos. O coordinador reúne cos alumnos o comezo do primeiro e segundo semestre. A coordinadora de prácticas externas da facultade reúne cos alumnos durante o segundo semestre para informarlles do proceso de adxudicación de prácticas externas que ten lugar durante o terceiro semestre.

No curso 2021-22 tivemos 42 preinscritos, no curso 2022-23 66 preinscritos e no curso 2023-24 foron 76 preinscritos. A oferta total de prazas é de 22 e matriculáronse de novo ingreso un total de 21 estudantes. Realmente completouse a matrícula con 22 estudantes, pero no período de posible desestímulo e posterior anulación administrativa, un estudante cambiou de idea e desistiu, xa non sendo posible admitir novos alumnos que quedaron na lista de espera. Especialmente o alumnado de países alleos ao EEES con frecuencia realiza anulacións de matrícula moi avanzado o curso o que provoca que non se poda ocupar novamente esa praza, aínda que exista alumnado interesado tal como evidencia o elevado número de preinscritos.

A titulación de procedencia é moi variada dentro do campo das Ciencias Experimentais que dan acceso o mesmo, tal como se amosa na seguinte táboa.

I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - P1221V01

Ano académico	Titulación de procedencia	Num. de estudantes
2023/2024	Grao en Bioloxía pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela	2
	Grao en Biotecnoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela	4
	Grao en Ciencias Biomédicas pola Universidade de Barcelona	1
	Grao en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de Santiago de Compostela	4
	Grao en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Estudos Realizados no Estranxeiro	7
	Total 2023/2024	21

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions(ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2023/24. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados tamén teñen procedencia moi variada. O alumnado procedente doutras CC.AA. foi do 6,12% recibindo estudantes de Asturias, Castela-A Mancha e Madrid. A taxa de fóra do EEES sigue aumentado, sendo no curso 2023-24 do 18,37%, recibindo estudantes de Arxentina, Brasil, Ecuador, México, Perú, Portugal e Venezuela. Os indicadores relacionados con este criterio achéganse a continuación.

Indicador	Descrición	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	20	20	20	22
IN02M	Matrícula global	36	30	31	37	40	49
IN04M	Matrícula de novo ingreso	18	10	20	18	19	21
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	-5,26	-44,44	100	-10	ND	ND
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,72	6,78	6,98	7,09	7,03	7,48
IN07M	% estudantes que acceden con nota ≥ 6	100	85,71	100	93,75	100	ND
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	8,33	10	9,68	5,41	12,5	18,37
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	16,67	26,67	25,81	21,62	10	6,12
IN12M	Taxa de ocupación (%)	72,00	40,00	100	90,00	95,00	95,45
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	58,63	56,67	41,94	40,54	45	51,02

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 51,02%, mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6. A nota media de acceso foi aumentando nos últimos 6 cursos, chegando no curso 2023-24 a ser

Aínda que no curso 2019-20 houbo un descenso puntual da matrícula de causas descoñecidas, no curso 2020-21 recuperouse e completouse a oferta no curso 2020-21, chegando no curso 2023-24 a 21 prazas ocupadas.

Perfil de ingreso

Á vista dos datos, considérase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:

- O 100% do alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso igual ou superior a 6 no curso obxecto de seguimento. A nota media de acceso incrementase cos anos (figura 1).
- A procedencia xeográfica do alumnado foi moi variada. A porcentaxe de alumnado estranxeiro foi do 18,37% (IN08M), amosando o interese internacional do Máster. A tendencia dos últimos anos indica valores ascendentes de 5,26 e 18,37% (figura 2). Pode citarse que hai mais estudantes estranxeiros dos recollidos neste indicador, xa que algúns estudantes de latinoamérica que viñeron polo programa BEME da Xunta de Galicia, non se teñen en conta neste indicador ao ter a nacionalidade española.
- Na porcentaxe de alumnado doutras comunidades, obsérvase unha tendencia decrecente nos últimos cursos, posiblemente afectado polo incremento de alumnado estranxeiro (figura 3).




Figura 1. Nota media de acceso por preinscripción.




Figura 2. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.




Figura 3. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.

Dentro de Galicia, a distribución é dispersa entre as provincias, sendo a provincia de Ourense a que menos alumnos aporta (2). Tendo en conta o total de alumnos do máster entre o primeiro e segundo curso (33 alumnos de dentro de Galicia) temos esta distribución de estudantes: A Coruña: 5; Lugo: 11; Ourense: 2; Pontevedra: 6 (Datos en 4316196_INF16_2023-2024.pdf).

Análise do perfil real de egreso

Neste curso comezamos a ter Informe de enquisas de satisfacción xeral do/as egresados/as de titulacións da USC que egresaron no 2º semestre do curso 2022-2023. Informe elaborado no Curso Académico 2023-2024. Neste primeiro informe observase unha satisfacción xeral ca titulación de 4,50 sobre 5, superior a media da USC que é de 3,22. Os egresados valoran moi ben a formación teórica recibida (4,5 sobre 5) e a formación práctica (3,5 sobre 5), ambos valores son superiores a media da USC (3,49 e 3,13, respectivamente).

■ Criterio 2. Información e transparencia

A páxina principal da USC na súa sección de admisión en programas de máster (<https://www.usc.gal/gl/admision/master>) ofrece información xeral a calquera grupo de interese, e especialmente, para estudantes. Conta con información completa e actualizada en tres idiomas (galego, castelán e inglés) sobre os requisitos de acceso para realizar estudos de máster segundo o Real decreto 99/2011.

Na páxina Web do centro está dispoñible información específica sobre o título, como memoria, horarios, guías docentes, profesores, prácticas externas, normativa e calendarios do TFM

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>



[USC Virtual](#)
[Centros](#)
[Departamentos](#)
[Servizos](#)
[Directorio](#)
[Sede electrónica](#)
[Transparencia](#)
[Emprego](#)
[Sumo valor](#)
[Xornal](#)

[Estudiantes](#)
[Internacional](#)
[Empresas](#)
[Máis perfís](#)

[GL](#)
[Q](#)

[USC](#)
[Estudos](#)
[Admisión](#)
[Investigación](#)
[USC Vida](#)

Estudos / Másteres / Ciencias

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Tipo Presencial
Área Ciencias
Centro(s) Facultade de Ciencias
 Avda. Alfonso X
 O Sabio, s/n,
 27002
 Lugo
 982824095
 (Conserxaría)
 982824009
 (Decanato)
fcdeca@usc.gal

Campus Lugo
Coordinador/a Manuel Vázquez Vázquez
Contacto manuel.vazquez@usc.es

Este máster ofrece unha formación de calidade de carácter especializado en Nutrición, Tecnoloxía e Seguridade Alimentarias que permite dar resposta social ás esixencias da Unión Europea en relación coa protección da saúde dos consumidores e a seguridade dos alimentos. Este máster impártese nos campus de Santiago e de Lugo, sendo a súa sede a Facultade de Ciencias de Lugo.

- ➔ Admisión e matrícula
- ➔ Normativa
- ➔ Bolsas e axudas
- ➔ Web propia

Presentación

Desenvolvemento

Plan de estudos

Oferta e admisión

Obxectivos, competencias e saídas profesionais

Mobilidade e Prácticas

Traballo fin de Máster

Eauiño docente

Duración: Un ano e medio
Prezo/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito (835,80 €) | Non UE: 17,41€/crédito (1089,20 €)
Número prazos: 20

Responsable do título:
 ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ
asteriam.luzardo@usc.es

Coordinador-a do título:
 Manuel Vázquez Vázquez
manuel.vazquez@usc.es

Linguas de uso:
 Castelán, Galego

➔ Memoria do título

Universidade coordinadora:
 Universidade de Santiago de Compostela

Universidade(s) participante(s):
 Universidade de Santiago de Compostela

Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia:
orde do 4 de xullo de 2017 (DOG do 14/07/2017)

Data de publicación no BOE:
16/02/2018

Data da última acreditación:
08/05/2017



Facultade de Ciencias
 Avda. Alfonso X O
 Sabio, s/n, 27002
 Lugo
 982824095
 (Conserxaría)
 982824009
 (Decanato)
 fcdeca@usc.gal

A Facultade de Ciencias, creada en 1991 como transformación do Colexio Universitario de Lugo, é un centro de formación de profesionais capaces, competentes e comprometidos socialmente. Procura a excelencia en todas as funcións que desempeña: docencia, xeración de coñecemento e a súa difusión a través da investigación desenvolvida, realizándose de xeito socialmente responsable.

[Acceso á Intranet](#)

[Visita 360° ao centro](#)

Figura 4. Pantalla da Web do título en <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-innovacion-nutricion-seguridad-tecnologia-alimentarias> e do centro <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do MINSTA está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias, que alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos). En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 8ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2023-24, a Facultade de Ciencias elaborou o seu **Plan Estratéxico de Centro 2024-2026**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as liñas e obxectivos estratéxicos a desenvolver nos vindeiros anos. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-03/plan-estrategico-fciencias-2024-2026.pdf>

Revisión do plan de melloras do curso anterior

Con motivo da renovación da Certificación de Implantación do SGC durante o curso 2022-23 a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratéxico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento. Derivado disto, e seguindo instrucións da Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratéxico 2024-26 que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 (**AMF2324-1**.- Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade). Esta acción de mellora atópase executada con éxito tal e como se recolle nas actas da Comisión de Calidade.

No que atinxe especificamente ao MINSTA, non se planificaron accións de mellora para o curso 2023-24.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

A tipoloxía do profesorado do MINSTA, os seus departamentos, áreas de adscrición e a súa experiencia docente e investigadora resúmense nas táboas seguintes:

INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO

Título: Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 4316195	
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe	Horas
Investigador/a Distinguido/a	1	1.82%		6.0	0.91%	
Investigador/a Ramón y Cajal	1	1.82%		19.0	2.9%	
Posdoctoral USC	2	3.64%		25.0	3.81%	
Profesional área externa_máx. 30 h	15	27.27%		89.5	13.64%	
Profesor/a Catedrático/a de Universidade	15	27.27%		212.5	32.39%	
Profesor/a Colaborador	1	1.82%		46.0	7.01%	
Profesor/a Emérito LOU	1	1.82%		8.0	1.37%	
Profesor/a Profesor Asistente Doutor LOU	5	9.09%		76.0	11.59%	
Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	4	7.27%		57.0	8.69%	
Profesor/a Titular de Universidade	10	18.18%		116.0	17.68%	
Total general	55	100.0%		656.0	100.0%	

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA

Título: Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 4316195	
Departamento	Área		Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Departamento externo vinculado ás situacións	[P1151] Área externa M.U. en innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		2	0	0	
	[P1221] Área externa M.U. en innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		13	0	0	
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química		1	5	2	
Estadística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estadística e Investigación Operativa		1	6	0	
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía		5	24	23	
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía		1	0	0	
Organización de Empresas e Comercialización	[665] Comercialización e Investigación de Mercados		1	0	0	
	[664] Organización de Empresas		1	5	0	
Producción Visual e Procesos de Enxeñaría	[705] Producción Visual		1	6	5	
Psicoloxía Clínica e Psicoloxía	[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos		1	0	1	
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[640] Nutrición e Bromatoloxía		15	41	39	
	[750] Química Analítica		2	10	7	
	[780] Tecnoloxía de Alimentos		9	32	26	
Química Física	[755] Química Física		2	11	10	
Total general			55	140	115	

PROFESORADO DE CADA MATERIA

Título: Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 4316195	
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
P1221101	Estadística aplicada	Profesor/a Colaborador	1	6	0	
P1221102	Nutrición clínica	Profesional área externa_máx. 30 h	11	0	0	
P1221103	Percepción sensorial e gastronomía	Profesional área externa_máx. 30 h	1	0	0	
		Profesor/a Catedrático/a de Universidade	2	12	10	
P1221104	Procesado non térmico de alimentos	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	5	5	
P1221105	Seguridade alimentaria	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	2	8	9	
		Profesor/a Profesor Asistente Doutor LOU	2	0	0	
		Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	1	2	2	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	2	3	
P1221201	Principios xerais de legislación alimentaria	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	4	4	
		Profesor/a Emérito LOU	1	0	0	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	2	3	
P1221202	Métodos oficiais de análise dos alimentos	Posdoctoral USC	1	0	0	
		Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	4	4	
		Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	1	0	0	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	2	3	
P1221203	Alimentos transxénicos	Posdoctoral USC	1	0	0	
		Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	5	5	
P1221204	Calidade microbiolóxica dos alimentos	Investigador/a Distinguido/a	1	0	0	
		Posdoctoral USC	1	0	0	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	4	4	
P1221205	Microbioloxía e tecnoloxía de produtos máis	Profesional área externa_máx. 30 h	3	0	0	
P1221206	Tecnoloxías innovadoras no procesado e mellora nutricional dos alimentos	Profesor/a Profesor Asistente Doutor LOU	1	0	0	
P1221207	Bioteoloxía dos alimentos fermentados	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	2	12	10	
P1221208	Sistemas de autocontrol da hixiene. Autenticidade alimentaria	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	6	5	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	4	4	
P1221209	Xestión e marketing de empresas alimentarias	Profesor/a Profesor Asistente Doutor LOU	1	0	0	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	5	0	
P1221210	Técnicas analíticas avanzadas e sistemas de xestión da calidade e da seguridade alimentarias	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	6	4	
		Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	1	4	3	
P1221211	Enxeñaría de procesos e deseño de plantas na industria alimentaria	Investigador/a Ramón y Cajal	1	0	0	
		Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	5	4	
		Profesor/a Titular de Universidade	1	5	2	
P1221212	Alimentación e saúde	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	6	5	
		Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	1	0	0	
P1221213	Nutrición funcional, especial e ergonómica	Profesor/a Catedrático/a de Universidade	1	6	5	
		Profesor/a Profesor Asistente Doutor LOU	1	0	0	

Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
P1221216	Envases alimentarios	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	2	3	3
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	4
P1221217	Nutrición e psicoloxía	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	1
P1221218	Biotoxinas en alimentos	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	11	11
		Profesor/a: Titular de Universidade	4	19	17
Total general			55	159	136

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2024

Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 25/01/2024

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

Actualmente participan no título 55 profesores, dos cales 15 son expertos externos. O PDI que imparte docencia no MINSTA está adscrito aos departamentos indicados na táboa, xunto co número de profesores en cada caso e a tipoloxía do profesorado. A maior parte da docencia é impartida por catedráticos de universidade (32,39%) e profesores titulares de universidade (17,68%) e que mostran unha dilatada experiencia docente (quinquenios) e investigadora (sexenios). O PDI doutor é o 97,62% e a porcentaxe do PDI funcionario é do 69,05%. Estes datos son superiores a da media da USC.

Indicador		MINSTA 23-24	Media USC 23-24
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	93,94	90,34
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	97,44	90,78
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	69,05	47,29

Estes valores son similares nos últimos seis cursos, cun lixeiro aumento da docencia impartida por catedráticos de universidade. Por todo isto, o perfil do profesorado considérase adecuado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación. O centro dispón actualmente do persoal que se indica na táboa seguinte:

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Ciencias. Curso 2023-2024				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	20 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	17 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	COORDINADOR/A SERVIZOS XERAIS	0 ano(s), 3 mes(es) e 16 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	23 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	2 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	16 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2024

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación.

Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar: *xestionar a actividade de laboratorio e apoio á docencia*.

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Nas enquisas de satisfacción do PAS co seu traballo, amósase un bo resultado cunha valoración media de 5 sobre 5 (**5011_INF.21_2023_2024**) que confirma o dito anteriormente.

Ademais este colectivo continúa participando no plan de formación durante o curso 2023-24 (**5011_I6-I7_2023-2024**) cun valor máis elevado que nos anos anteriores, 88.89% e amosando unha boa satisfacción media (7.98/10) cos cursos atendidos (**5011_INF.11_2023_2024**).

Por tódolos aspectos mencionados anteriormente considérase que o cadro de persoal resulta ser axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no MEPA e ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do MINSTA, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do máster: A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma Web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Na actualidade o centro dispón de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas distribuídos no edificio de laboratorios. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi. Ademais a Facultade conta con 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor. Ademais, o 50% das aulas (8) dispón de equipamento para docencia on-line (cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo).

Para a docencia interactiva dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen taboleiros dixitais.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na biblioteca de campus denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías, 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

E de interese comentar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da

Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación. Do mesmo xeito tamén se continua coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes de xeito extraordinario, no marco de convenios de financiamento coa Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG.

Durante os últimos cursos (2021-22, 2022-23 e 2023-24) a Facultade de Ciencias levou a cabo accións de mellora (**AMF2122-8**, **AMF2223-2** e **AMF2324-6**) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

No que se refire ao curso 2023-24, non hai accións de mellora nin elementos dignos de mencionar no respecta ao MINSTA.

Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

Como indicador de demanda podemos usar a taxa de ocupación. No curso 2019-2020 houbo un descenso puntual e considerable na taxa de ocupación, pero no curso 2020-2021 recuperouse completando a matrícula e neste curso 2023-2024 a taxa de ocupación foi do 95,45%. A figura 5 mostra unha tendencia positiva nos últimos cursos.

		2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
IN12M	Taxa de ocupación (%)	72,00	40,00	100	90	95	95,45




Figura 5. Taxa de ocupación.

Os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento (95,25%), éxito (100 %) e avaliación (92,25 %) son moi bos se os comparamos con os previstos na memoria do título, onde estimábase un 90% para estes indicadores. Tamén é destacable a evolución positiva da maioría dos indicadores co tempo, mellorando segundo avanza os cursos.

		2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
T. Rendemento(%)	IN34M	97,07	96,43	94,90	95,04	92,15	95,25
T. Éxito(%)	IN35M	99,44	100	100	99,26	100	100
T. Avaliación(%)	IN36M	97,62	96,43	94,90	95,75	92,15	95,25
T. Eficiencia(%)	IN53M	100	97,76	96,69	96,60	93,75	96,51
T. Graduación(%)	IN37M	--	78,95	83,33	90,00	70	83,33
Taxa de abandono(%)	IN41M	--	5,26	5,56	0	10	0

■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mostra que neste curso 2023/2024 a participación foi mas a mais alta que no curso anterior, pasando do 4,55% do curso anterior a un 33,33% neste curso. A valoración global foi de 4,27 sobre 5, similar a os dos cursos anteriores. Ademais, o alumnado mostra unha boa satisfacción coa docencia recibida en todos os ítems, sendo a nota más baixa 4,12 sobre 5.




Figura 6. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

INF 13 - Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso Académico 2023-2024

5011 - Facultade de Ciencias [L]

4316196 - Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía
Alimentarias

P1221P01 - Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía
Alimentarias

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media	Media
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4.00	4.43	N/A	4.94	5.00	4.46
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4.08	4.39	N/A	4.94	5.00	4.50
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	3.88	4.00	N/A	4.77	5.00	4.22
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	4.03	4.36	N/A	4.85	4.75	4.22
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia?	3.95	4.29	N/A	4.92	4.89	4.17
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3.97	4.30	N/A	4.88	4.78	4.20
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3.99	4.41	N/A	4.87	4.89	4.16
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	3.98	4.25	N/A	4.90	4.89	4.36
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	4.01	4.29	N/A	4.81	4.89	4.25
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4.15	4.71	N/A	4.92	4.89	4.28
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	4.16	4.46	N/A	4.88	4.88	4.24
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	4.03	4.50	N/A	4.90	4.88	4.25
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	4.13	4.29	N/A	5.00	5.00	4.36
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3.99	4.32	N/A	4.83	4.89	4.29
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	4.00	4.41	N/A	4.85	4.89	4.28

Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	4.01	4.36	N/A	4.85	4.89	4.12
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Valoración global	4.02	4.36	N/A	4.88	4.90	4.27
Participación	85.71%	60.0%	N/A	47.37%	4.55%	33.33%

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación mostra que neste curso 2023/2024 a participación foi próxima a do curso anterior, sendo do 11,63% neste curso. En xeral, a valoración global (2,57) foi peor que a dos cursos anteriores. Os alumnos estiveron principalmente descontentos coas infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (1,60), posiblemente motivado polas obras de mellora que se están realizando. Como punto forte valoraron a atención prestado polo persoal de administración e servizos foi moi boa (3,60) e os trámites de matrícula (3,20).

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Satisfacción do estudantado coa titulación

Curso académico	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	4.00	5.00	4.60	3.20
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	3.00	4.00	4.40	2.60
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	4.00	5.00	4.60	3.60
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	1.00	4.00	4.00	2.80
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	3.00	5.00	4.40	2.80
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	3.00	4.00	4.20	1.60
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	5.00	4.00	4.80	2.80
Os horarios deste cursos foron axeitados?	3.00	1.00	3.20	2.20
A carga de traballo está ben distribuída?	3.00	4.00	3.00	2.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	4.00	5.00	3.80	2.40
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	1.00	2.00	2.60	2.20
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	2.00	3.00	3.40	2.20
A oferta de prácticas é atractiva?	2.00	3.00	3.40	2.60
A xestión do TFM é axeitada	2.00	3.00	3.60	2.75
A oferta dos TFM é interesante?	3.00	3.00	3.80	2.80
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	3.00	4.00	3.80	2.60
Curso académico	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Valoración global	2.88	3.69	3.85	2.57
Participación	3.33%	2.86%	13.89%	11.63%

B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

Como pode verse pola respostas do 43,64% dos docentes, neste curso 2023/2024 pódese asumir un grao de satisfacción elevado do profesorado coa docencia impartida (4,48 sobre 5), similar a dos cursos anterior (4,5 e 4,48 sobre 5). É moi destacable a alta valoración que se fai do trato correcto cos estudantes (4,80) e que se informa axeitadamente ao alumando dos criterios de avaliación (4,77). Por contra, o profesorado valora ca puntuación mais baixa a coordinación entre distintas materias (3,60). Aínda que o valor pode considerarse aceptable, é un indicativo de que será necesario revisar e mellorar.



ÁREA DE CALIDADE E MELLORA
DOS PROCEDEMENTOS

INF 14 - Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Curso Académico 2023-2024

5011 - Facultade de Ciencias [L]

4316196 - Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía
Alimentarias

P1221P01 - Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía
Alimentarias

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media	Media
O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?	4.24	N/A	N/A	4.25	4.00	4.23
Cofiezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as?	4.12	N/A	N/A	4.21	4.32	3.93
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases?	4.06	N/A	N/A	4.33	4.28	4.40
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente?	4.24	N/A	N/A	4.38	4.44	4.53
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,?) son axeitados para o desenvolvemento da materia?	3.94	N/A	N/A	4.38	4.16	4.40
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?	3.94	N/A	N/A	4.17	3.84	3.60
Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)?	4.00	N/A	N/A	4.25	4.40	4.40
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	4.71	N/A	N/A	4.75	4.84	4.70
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia?	4.88	N/A	N/A	4.92	4.88	4.77
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías?	4.94	N/A	N/A	4.88	4.84	4.83
Manteño un trato correcto cos estudantes?	4.94	N/A	N/A	4.92	4.88	4.80
Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM	4.59	N/A	N/A	4.38	4.60	4.47
En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente?	4.53	N/A	N/A	4.71	4.72	4.60
O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	N/A	3.87
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Valoración global	4.39	N/A	N/A	4.50	4.48	4.48
Participación	30.61%	N/A	N/A	41.18%	37.74%	43.64%

C) Satisfacción do profesorado coa titulación:

Como pode verse pola respostas do 43,64% dos docentes, neste curso 2023/2024 pode asumirse un grao de satisfacción elevado do profesorado coa titulación (4,16 sobre 5), superior o do curso anterior. En xeral, valóranse positivamente aspectos organizativos do título, a calidade docente do título, e a capacidade dos alumnos para enfrontar o máster e a súa implicación no título. É moi destacable a alta valoración que se fai da atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,50), o campus virtual (4,58) e a asistencia a clase do alumnado (4,58 sobre 5).

Por contra, o profesorado valora ca puntuación mais baixa a os horarios do título (3.67), inda que mellora respecto o curso anterior (3,33).

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	4.06	4.27	3.94	4.08
Valore a atención prestada polo persoal, técnico, de xestión e de administración e servizos	4.40	4.80	4.33	4.50
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	4.13	4.40	4.11	4.17
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	4.07	4.27	4.00	4.00
O campus virtual facilita o meu labor docente?	4.31	4.80	4.56	4.58
As vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas?	4.13	4.13	4.06	3.96
Os horarios existentes son axeitados?	3.44	3.93	3.33	3.67
A carga de traballo está ben distribuída?	3.69	3.67	3.50	3.88
O calendario de probas de avaliación é razoable?	4.25	4.60	4.50	4.42
As e os docentes estamos coordinados/as na organización do título?	3.75	3.73	3.11	3.83
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	3.94	3.93	3.33	4.08
O estudiantado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	4.06	4.14	3.78	4.04
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	3.75	3.80	3.67	3.79
Valora a calidade docente da túa titulación.	4.19	4.13	3.89	4.25
O estudiantado cumpre coa planificación académica sen problemas?	4.44	4.47	4.00	4.46
O estudiantado acode con regularidade ás clases?	4.75	4.73	4.50	4.58
O estudiantado implícase na titulación?	4.44	4.33	3.72	4.33
O estudiantado está satisfeito coa titulación?	4.13	4.27	4.06	4.13
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	4.13	4.27	3.89	4.29
Curso académico	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Valoración global	4.11	4.25	3.91	4.16
Participación	34.04%	29.41%	33.96%	43.64%

Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción

- Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas:

Os titores profesionais amosan unha satisfacción alta (4.42 sobre 5) no curso 2023-24 que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados (Figura 7).

Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de máster o resultado é moi satisfactorio. No curso 2019-20 non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid, por iso non hai datos.




Figura 7. Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.

- Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externa

A satisfacción dos titores académicos e total nos cursos avaliados (5 sobre 5). No curso 2019-20 non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid, por iso non hai datos. No curso 2021-22 e 2022-23 descoñecemos porque non hai datos.




Figura 8. Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas.

– Satisfacción dos Estudiantes cos programas de prácticas externas

No curso 2020-21 o resultado foi moi baixo con un grao de satisfacción medio de 2. Pero nos últimos anos este indicador mostra unha tendencia positiva. Neste curso 2023-24, os resultados situáronse nun valor de valoración global de 3,13. O alumnado valorou especialmente ben a información recibida do procedemento das prácticas (4,00) e a duración das prácticas (4,20).




Figura 9. Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.

- Satisfacción dos egresados

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación neste curso (3,50) foi similar a dos cursos anteriores.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	-	3,26	3,55	3,33	3,50




Figura 10. Satisfacción dos egresados coa titulación.

- Comparativa de indicadores coa media da USC

Excepto a duración media dos estudos, os indicadores amosan valores mellores que as medias da USC para másters. Na duración media dos estudos hai que ter en conta que se comparan coa media de USC que de forma conxunta inclúe másters de 60 e 90 créditos.

Comparación de indicadores coa media da USC – 2023/2024

Cód	Nome	Media USC Másters	Valor MINSTA
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	91,06	93,94
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	90,78	97,62
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	47,29	69,05
IN34M	Taxa de rendemento	89,31	95,25
IN35M	Taxa de éxito	98,68	100
IN36M	Taxa de avaliación	90,51	92,15
IN37M	Taxa de graduación	81,83	83,33
IN38M	Duración media dos estudos	1,50	2,15
IN41M	Taxa de abandono RD 1393/2007	8,50	0,00

4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

Non se contemplan accións de mellora para o próximo curso académico.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	
	Definición	Análise causa	
		Definición/descrición proposta	
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	
Responsables		Usuario responsable da implantación	
		Outros responsables da implantación	
Finalización		Estado	
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	

5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación